



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN APOYO A LA CIUDADANÍA ESPAÑOLA EN VENEZUELA (FACEV) PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SOCIO ASISTENCIAL ESPECIAL E SANITARIA DE EMERXENCIA A PERSOAS DE ORIXE GALEGA RESIDENTES EN VENEZUELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de novembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para a concesión dunha axuda á Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV) co fin de contribuír ó financiamento dos servizos de atención asistencial e/ou sanitaria de urxencia ó colectivo de galegos residentes en Venezuela que por razóns exclusión social, idade, carencia ou de dependencia se atopa en situación de necesidade e non poden afrontar o custo das prestacións que precisan e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela, en adiante FACEV, é unha entidade sen ánimo de lucro radicada en Venezuela, creada para promover asistencia social, benéfica e de axuda a cidadáns españois residentes na República Bolivariana de Venezuela e na súa misión está prestarlles socorro en situacións de emerxencia en necesidades económicas para asistencia médica e familiar a persoas necesitadas que non poidan proveerse por elas ou polas súas familias.





Figuran entre os seus obxectivos a prestación de asistencia socio asistencial, desenvolvemento de programas de atención sanitaria e asistencial, prestación de axudas en socorro, adquisición de medicamentos e próteses, realización de estudos de investigación dirixidos ao coñecemento da problemática dos emigrantes e as súas familias, e a promoción da súa integración socio laboral mediante a celebración de talleres ocupacionais e cursos de orientación profesional.

A Fundación de Apoio á Cidadanía Española en Venezuela (FACEV) é a única entidade que cubre este tipo de prestacións con carácter nacional en todo o país.

En Venezuela existe unha gran colonia de emigrantes españois, na súa maioría galegos ou descendentes, dentro da que se atopa un importante colectivo, con necesidades urxentes de atención non atendido a través doutros instrumentos de colaboración, en especial de xente maior ou carenciada, que, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país, precisan da atención da Xunta de Galicia para que poidan acadar unhas condicións de vida digna.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír a prestarlle un servizo asistencial e/ou de atención sanitaria de urxencia a este colectivo de galegos máis desfavorecidos residentes en Venezuela que, por razóns de exclusión social, carencia ou de dependencia e ós que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración, se atopa en situación de necesidade e non poden afrontar o custo das prestacións que precisan, e FACEV conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestarlle o servizo.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión





social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

A Secretaría Xeral da Emigración comprométese, a achegar con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, unha contía de trinta mil euros (30.000€).

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do proveedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 26 de setembro de 2019.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

Praza de Mazarelos 15
15703 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296
<http://emigracion.xunta.es>

